

A PALLAZA

A REVISTA DE AGARIMOS DE BADALONA



Ena Ribera

INDICE

12



10



24



26

A PALLOZA

Revista Cultural Galega
nº25 Setembro 2022

 **AGARIMOS**
Agrupación Cultural Galega



COLABORADORES:



EDIZORIAL:

DIRECCIÓN DA REVISTA
Xunta Directiva A.C.G. Agarimos

PORTADA
Iria Ribadomar

COORDINACIÓN
Xunta Directiva A.C.G. Agarimos

FOTOGRAFÍAS
Jennifer Santiago, Francisco Santiago, Sonia Fernández, Óscar Aragón, José González, Teresa Barreira, Luisa Núñez, Yoshimura.

REDACTORES
Jennifer Santiago, José Luis Lago, Lena Blanco, Mar Soage, Marcos González, Héctor González, José Rivas, Jose Outomuro, Xosé Carlos G. González, Juan Ángel de Llanos, Víctor de Llanos, Xesús Galán.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Núria Alegre

DEPÓSITO LEGAL:
IMPRESIÓN: Press Line, S.L.

A Agrupación Cultural Galega Agarimos de Badalona non se fai responsable das opinións verquidas na revista A Palloza polos/as seus/súas colaboradores/as.

10 CULTURA CELTA
Las lenguas celtas también llegaron a la península. En este artículo verás algunas de las curiosidades e inscripciones encontradas.

12 CAMIÑANDO XUNTOS
Vivencias dunha parella no Camiño Santiago Portugués.

16 NA PORTADA: DEICA! CREACIONS
Coñece a ilustradora Iria Ribadomar, deseñadora da portada da revista.

18 XACOBEO 21-22
Participamos en uno de los eventos más importantes del año. ¡Entérate de cómo lo pasamos!

20 LETRAS GALEGAS 2022
Este ano as Letras Galegas estiveron dedicadas a Florencio Delgado Gurriarán. Coñece máis sobre el, a súa vida e o seu traballo.

22 XXV ANIVERSARIO ACG AGARIMOS
¡Cumplimos 25 años! Y qué mejor forma de celebrarlo que con una fiesta por todo lo alto.

24 UNHA XERACIÓN. DOUS MUNDOS
Homenaxe á Galicia en Catalunya.
50 anos de galegitude comprometida.

26 GUÍA DEL PEREGRINO
Descubre con Hector González & José Rivas los detalles para hacer tu mejor camino.


30 ENTREVISTA: CARAPAUS
Gustavo Couto desentraña os detalles deste grupo galego

32 CAN DE PALLEIRO
Coñece o Clube, a súa causa e a nosa implicación no videoclip.

34 RECETA
Pastel de polbo e espárragos verdes

35 PINCELADAS DE HUMOR
¿Quieres pasar un buen rato? No te pierdas estos chistes.

36 A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
continúa a incrementar a súa labor de apoio aos galegos do exterior e ao retorno.



En el temps que trigues a llegir aquest anunci, l'aigua de l'aixeta passa 5 controls de qualitat.

L'aigua de Barcelona i la seva àrea metropolitana és una de les aigües més controlades del món. I ho és gràcies a l'esforç d'un equip de 1.000 persones que gestiona el cicle integral de l'aigua, i que fa més de 30 controls de qualitat cada 5 minuts per garantir la millor aigua per a tu i per al planeta.



**Aigües de
Barcelona**

La gestió responsable



Saludo Xunta de Agarimos

Estamos felices de que nuevamente nuestra revista A PALLOZA vea la luz en este nuestro XV ANIVERSARIO. Veinticinco años de la AGRUPACION CULTURAL GALLEGA AGARIMOS en Badalona, Catalunya, manteniendo la cultura, la gastronomía, el folclore, el sentidiño gallego a nuestra ciudad y dejando nuestra impronta en esta sociedad cambiante y diversa en la que queremos desarrollar y aportar con nuestras actividades, sumar con nuestras actividades.

Hay que agradecer en primer lugar a nuestros socios, amigos, colaboradores, entidades,...que hacen posible tirar adelante este proyecto de Galicia en nuestros barrios y entre amigos y vecinos.

Después de estos dos duros años de pandemia, hemos recuperado la "normalidad" (que nos ha sido arrebatada), con nuestra Fiesta, costillada,...asi como con la presencia de nuestro grupo de chavales en diferentes eventos, como la participación junto a nuestros compañeros de Hospitalet y Cornellà en el programa LUAR, de la Televisión de Galicia. También estuvimos en los actos del XACOBEO el pasado mes de Julio, en las fiestas de Rosalía de Castro de Cornellà, en las de San Froilán en Nou Barris y en las de Hospitalet entre otras.

Este año, después de dos años aplazándolo, estamos volcados en la celebración de UNA XERACIÓN. DOUS MUNDOS, acto que finalmente celebraremos el próximo 10 de Diciembre a las 18 horas en el Gran Teatre del Liceu de Barcelona. Este evento está dirigido desde el área técnica por profesionales de primer nivel pero representado totalmente por miembros de los Centros Gallegos de toda Catalunya. En él, se rinde un sentido homenaje con este musical, a toda la generación que un día cambió, en busca de un futuro mejor, su tierra natal en Galicia por su nueva tierra de acogida en Catalunya, dejando atrás y con todo el dolor de su corazón a padres, hermanos, amigos,... muchos de ellos ya desaparecidos pero que continúan en nuestro corazón cuando sentimos morriña por nuestra tierra; este sentimiento tan gallego lo plasmó nuestra poetisa universal Rosalía de Castro en su famoso poema *Adiós ríos, adiós fontes*. Deseamos que tan sentido y emocionante homenaje sea del agrado de todos y lo disfrutemos intensamente.

Otras actividades que llevaremos a cabo en lo que nos resta de año, y en la que esperamos recuperar la máxima afluencia de antaño para poder disfrutar todos juntos de tan buenos momentos, son el Magosto y la cena de aniversario, pero seguro que acabamos organizando más actividades para todos.

Un cordial saludo,
La Junta Directiva

Saludo del Alcalde de Badalona

Estimats amics i amigues de l'Agrupació Agarimos,

Un any més ens apropem la riquesa de les vostres tradicions i activitats a la ja esperada revista A Palloza, una espècie de tastet delicatessen de tot allò que significa pertànyer a la vostra associació i participar activament de totes les trobades que realitzeu al llarg de l'any, però la revista és també una finestra oberta per aquells que sense ser socis d'Agarimos, gaudeixen de les vostres convocatòries.

Com a alcalde de Badalona a més, us agraeixo que ens feu partícips de la vostra tasca, el foment de la cultura gallega i la possibilitat d'apropar-nos a ella, no fa sinó que enriquir encara més la nostra ciutat i impregnar-la d'un dels seus segells identificatius: Badalona és una terra d'acollida.

Agarimos és doncs, el punt de trobada perfecte per tot aquell qui vulgui créixer i sumar cultura, gastronomia i tradició. També és un espai on les arrels compartides s'expandeixen creant una xarxa gallega-badalonina que ens enorgulleix enormement.

Fa vint-i-cinc anys que formeu part del nostre patrimoni cultural, al cap i a la fi, Badalona és la suma de totes les persones que hi viuen en ella i que l'estimen i, la comunitat gallega de la ciutat és la millor mostra que la terra d'origen i la d'acollida són estimades per igual.

Us vull encoratjar a continuar amb la vostra energia i les vostres propostes, a fer-nos còmplices de cada una d'elles i contribuir a fer possible molts anys més la Badalona que més ens agrada: la Badalona que integra i suma, la Badalona que respecta i participa de totes les cultures i tradicions que la conformen.

La cultura gallega és ja part de la nostra cultura i si això ha estat possible, és sens dubte gràcies a aquests vint-i-cinc anys de l'Agrupació Cultural Gallega Agarimos.

Per molts anys més!

Rubén Guijarro Palma

ALCALDE DE BADALONA





Saludo do Presidente da Xunta de Galicia

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, PARA A AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA AGARIMOS DE BADALONA POLO SEU 25 ANIVERSARIO

Galicia non se entende, nin está completa, sen eses arredor de 200 centros e casas de galegos que se espallan por España e polo mundo. Do mesmo modo que o fai a vosa Agrupación Cultural Galega Agarimos de Badalona, todas elas exercen como fachos que manteñen viva a nosa lingua, cultura e tradicións en todas as esquinas do globo. E, por iso, por coidar das vosas raíces e do noso, profesámosvos un orgullo, agarimo e agradecemento sincero.

Ademais de darvos as grazas polo voso traballo, que me consta activo e constante, quero aproveitar esta oportunidade para felicitarvos polo voso 25 aniversario. É todo un mérito ter cumprido un cuarto de século con esta vizosa saúde, que se reflicte nos cantos e bailes do voso grupo folclórico, nos vosos pratos, nas vosas celebracións e nas vosas ganas de facer cousas novas.

E non só iso. Ao coñecer a vosa actividade, un decátase de que Agarimos de Badalona cumpre á perfección cunha das características que define a nosa galegitude: o noso espírito aberto, que tende pontes. As nosas asociacións e casas galegas son un fogar, porque exercen de rede de apoio entre os seus membros; e son tamén a nosa mellor promoción, porque sempre son benqueridas nas súas comunidades de acollida e porque non deixan de difundir a nosa cultura.

De feito, ese labor de difusión é parte do éxito deste Xacobeo, que xa é histórico polas súas cifras e pola súa duración. Este dobre Ano Santo serviunos como unha oportunidade única para retomar con máis azos todo aquilo que a pandemia nos obrigou a parar e foi, tamén, o mellor aliciente para os reencontros polos que tanto devecíamos. Eu mesmo tiven a sorte de poder comprobalo durante a celebración do Día da Galicia Exterior, no que foi unha ledicia compartir tempo con todos vós.

Así que, para rematar, só teño dúas peticións ben sinxelas de cara o futuro. Por moitos máis reencontros e por celebrar moitos anos máis de Agarimos de Badalona. Moita saúde e que teñades unha longa vida!

Alfonso Rueda Valenzuela

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA



AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA AGARIMOS

CURSOS GRATUITOS para todos los socios

GAITA · PERCUSIÓN · PANDERETA
BAILE · CANTAREIRAS

ACTIVIDADES todo el año

EXCURSIONES
CONCURSOS DE COCINA
(roscón y empanada)
¡Y MUCHO MÁS!

Ven y disfruta de nuestro LOCAL SOCIAL

Especialidades gallegas y del Bierzo:

Pulpo	Navajas	Almejas
Oreja	Androllas	Botillos
Chorizos	Lacón	Etc.
	Quesos	

Extensa selección de vinos

¡HAZTE
SOCIO!

Calle París, 45, bajos
08913 Badalona (Barcelona)
Tel./Fax: 93 460 20 22
acgagarimos@hotmail.com


¡SÍGUENOS!



acgagarimos.debadalona



Agarimos Agrupación Cultural Galega



@agarimosdebadalona



Saludo do Secretario Xeral da Emigración

Quedan poucos meses para rematar o 2022, ano da volta a normalidade, da apertura sen máscara dos nosos centros galegos no mundo e, por suposto, ano de Xacobeo.

Quero dende a Secretaría Xeral da Emigración, agradecer a todos os que, dende Agarimos de Badalona da agrupación Xuntanza, estiveches a traballar por difundir, promover e namorar aos vossos veciños de Cataluña para que percorran calquera dos dez camiños que levan ata Compostela.

Sabemos que foi un traballo intenso e por iso, dámosvos as grazas e emprazámosvos tamén a achegarvos ata Santiago de Compostela nos meses que aínda quedan para pasar pola Porta Santa e saudar ao Apóstolo.

Pero se este ano non o podeades facer, recordade que calquera momento é bo para camiñar cara a Galicia, e tamén, para traballar por ela: apostando pola nosa cultura, pola nosa música, os nosos sons e a nosa lingua.

Nada máis fermoso que esta terra para levar no corazón. Sodes moitos os galegos do exterior que seguides a sentir ese amor infinito por Galicia. Así o deixades ver en cada visita, en cada acto, en cada acción cultural que organizades. Como dixo o propio Cabanillas: “¡Galicia Nai e Señora,/sempre agarimosa e forte/ preto e lonxe,/onte, agora, mañá...”

É Galicia así o centro do noso sentir, a voz que dentro de nós nos fai únicos, a morriña que nos invade e que nos leva a seguir tocando esa gaita que soa cos acordos do himno galego, coa foliada do día de festa, coa danza do grupo tradicional... tocando esa pandeireta que resoa coas puntas dos dedos, cos cotobelos da man, enchendo todo o que está ao noso redor recordando as tardes de romaría en calquera dos nosos pobos.

A choiva que empapa a dá vida á verde herba dos nosos prados; o mar que enche de espuma a area das nosas praias dende Ribadeo ata a Guarda; a bruma que cubre as torres da catedral de Santiago no amencer; as vides cargadas de acios maduros durante a vendima; os barcos cheos de xoubas, chinchos, sardiñas e xurelos... pero tamén a tecnoloxía máis punteira, o deseño máis competitivo e a industria 4.0 máis novidosa, todo iso e moito máis é Galicia.

Seguide a traballar por ela. Nós estaremos ao voso carón para seguir a axudá-vos, porque todos xuntos podemos facer que a nosa terra continúe crecendo e que a nosa cultura sega a estar presente en tódolos recunchos do mundo.

Unha forte aperta, e vémonos pronto.

Antonio Rodríguez Miranda


SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

CULTURA CELTA

LAS LENGUAS CELTAS TAMBIÉN LLEGARON A LA PENÍNSULA IBÉRICA

La civilización celta se asocia siempre con Irlanda, pero la verdad es que la primera civilización se encontró en Austria. Esta civilización fue creciendo y migrando por Europa hasta llegar a las islas Británicas y de Irlanda. Los celtas también llegaron a la península Ibérica y tenemos evidencias de ello. Se han encontrado bastantes inscripciones de la lengua que hablaban: la lengua celtibérica. De dicha lengua tenemos evidencias en la parte este y central de la península, pero podría ser hablada en muchos más lugares. También se cree que el Tartesio, lengua hablada en el sur, es una lengua que pertenece a la misma familia. En este texto vamos a hablar de la lengua celtibera y algunas de sus evidencias más importantes.

Como hemos mencionado al principio, la lengua celtibérica no se sabe exactamente en qué zonas se hablaba porque solo se han encontrado pruebas en la zona central y este de la península. Es decir, en las zonas de Aragón y lo que hoy conocemos como Castilla. También se dice que el Tartesio, una lengua hablada en el sur y en Portugal, podría ser considerada parte de la familia de las lenguas celtas. Esta idea la defiende John Koch, un lingüista especializado en estudios celtas. En este mapa podemos ver dónde se situaban:



el color negro pertenece al tartesio y el color azul turquesa representa la zona donde se han encontrado evidencias de la lengua celtibera. Relacionado

con esto, las evidencias encontradas se sitúan entre el 250 AC (antes de Cristo) y el 200 DC (después de Cristo). Hay que mencionar que seguramente dicha lengua se hablase en más lugares de la península, pero no se han encontrado registros. También es necesario mencionar el alfabeto en el que se han encontrado estas inscripciones. Mu-

chas de ellas utilizan el alfabeto íbero, que utiliza sílabas y letras. Hay que añadir que con esta escritura hay un problema, no hace distinción entre los sonidos p, t, k y b, d, g. Esto crea problemas a la hora de intentar traducir estas inscripciones. La lengua celtibérica también utiliza el alfabeto romano. Los celtas que se asentaron en la península no utilizaban un alfabeto propio ya que decidieron utilizar los alfabetos de las civilizaciones vecinas como el alfabeto latino o el íbero. Los celtas que se asentaron en la península no utilizaban un alfabeto propio ya que decidieron utilizar los de las civilizaciones vecinas como el utilizado para el latín o el íbero.




Bronces de Botorrita. Actualmente se encuentran en el museo de Zaragoza.

En relación a las evidencias, vamos a explicar algunas de las inscripciones más importantes que se han encontrado hasta la fecha. La primera que voy a mencionar es una de las más importantes, los bronce de Botorrita. Estos bronce se han encontrado en varias piezas, así que se cree que fue enterrado a modo de ofrenda a los dioses. Cuando se encontraron no eran legibles, pero ahora ya sí. No hay una traducción clara porque están escritos usando el alfabeto íbero, pero hay algunas ideas. La primera hipótesis dice que se trata de una *lex sacra*: una inscripción que advierte a otras personas para no profanar un lugar sagrado. La otra hipótesis habla sobre una *lex municipa-*

lis: una ley que afectaría a uno o más municipios. También hay que añadir que estos bronceos se pueden dividir en dos caras. La primera estaría relacionada con las leyes, mencionadas anteriormente, y, la segunda, menciona 14 nombres, todos de hombres. Estas personas son cómplices de lo que mencionan dicha ley. Estos nombres están escritos siguiendo la misma fórmula: X hijo de Y, nieto de Z. Otra inscripción importante es la

oraciones: SOV. Esto quiere decir que el sujeto va al principio de la frase seguido del objeto, ya sea directo o indirecto, y, finalmente, el verbo. También hay que mencionar otro aspecto muy importante que caracteriza las lenguas celtas: las P o Q lenguas celtas. La lengua celtibérica se cree que pertenece al grupo Q ya que no se han encontrado evidencias de lo que conocemos como la letra P en los grabados encontrados. Otra lengua que pertenece a este mismo grupo es el Irlandés. Finalmente, también hay que mencionar que la lengua celtibera, igual que el resto de lenguas celtas, se caracteriza por el uso de declinaciones igual que el latín. Las declinaciones son modificaciones que sufren algunas palabras, como nombres, adjetivos, pronombres... según la función que hacen en la oración y dependiendo del género (masculino, femenino) y número (singular, plural).



Inscripción Peñalba de Villastar. Aquí podéis ver el texto y la localización.

que se encuentra en Peñalba de Villastar. Esta se encuentra grabada en la montaña y es una dedicación al dios Lug. Hay que explicar también una inscripción funeraria, lo que ahora consideraríamos un epitafio, que resulta peculiar porque se encontró en Ibiza. Sobre dicho hallazgo, se manejan dos hipótesis: la primera, que hubiese una pequeña población celta en la isla, o la segunda, que la persona a la que se menciona en la inscripción fuese un guerrero mercenario que decidiese unirse a los Romanos en las guerras Púnicas. Por último, hay que mencionar también la existencia de lo que se conoce como *tesserae hospitales*: unas inscripciones en las cuales un clan firmaba la paz/hospitalidad con otro o incluso entre diferentes pueblos.

A continuación, vamos a ver algunas características lingüísticas sobre la lengua celtibérica. Primero de todo, hay que mencionar que es una de las lenguas celtas más antiguas y por eso tiene rasgos arcaicos de la lengua Indoeuropea. Uno de esos rasgos es el orden de las palabras en las

En este artículo hemos visto la lengua celtibérica, la lengua celta hablada en la península Ibérica. Solo hay evidencias en una zona muy concreta de la península, pero se cree que se hablaba en muchos más lugares. También hemos visto que la lengua tartesia podría ser considerada como otra lengua celta hablada en la península. Esta idea está respaldada por el doctor John Koch. Seguidamente, hemos descrito las inscripciones más importantes que se han encontrado hasta la fecha y hemos explicado algunas de las características lingüísticas de la lengua celtibérica.



Inscripción funeraria de Ibiza.

CAMIÑO XUNTOS

Camiñando xuntos

VIVENCIAS DUNHA PARELLA NO CAMIÑO SANTIAGO PORZUGUÉS

Alá por xaneiro de 2022, poucos días despois das nosas vacacións de Nadal en Galicia e pouco despois de chegar a Barcelona, a nosa morriña volveu a aparecer. E comezamos a pensar nas nosas vacacións de Semana Santa.

Galicia, como non, volvía a ser o destino favorito. Pero este ano o corpo pedíanos algo diferente. Queríamos visitar as nosas familias, en Quiroga e Bueu, pero tamén descubrir lugares novos e, sobre todo, desconectar. E así xurdiu a idea de facer o Camiño de Santiago Portugués. Desta maneira, viviríamos unha experiencia nova sen renunciar á nosa terriña.

Entre vacacións e o marabilloso tele traballo puidemos cadrar para estar en Galicia dez días, cinco para reencontros e cinco para o Camiño. A nosa aventura comezaba a coller forma!

Unha das primeiras cousas cando decidimos a viaxe, ademais de reservar o aloxamento e os traslados, foi visitar a asociación Amics dels Pelegrins a Santiago-Barcelona, que se reúne cada mércores no Casinet d'Hostafrancs (Barcelona). Alí conseguimos a nosa Credencial de Peregrino, na cal se recollían os nosos datos persoais, punto de partida do noso Camiño, etc. Tal e como nos explicaron os amigos da asociación, esta credencial sería a encargada de demostrar que realmente fixemos o camiño. Por iso era importante que, en todas as vilas ou cidades por onde pasáramos, conseguíramos un selo dalgún establecemento. Non facía falta que fora un hotel. Podía ser un bar, unha oficina de turismo ou mesmo unha tenda.

Coa credencial e a nosa mochila cargada de emocións, nervios e roupa (non moita), marchamos a Galicia e, tras os días de reencontros familiares, comezamos o noso Camiño!



TUI - REDONDELA

31.9 KM

A primeira noite antes de comezar a camiñar durmimos en Tui, despois dunha visita rápida a Valença do Minho, onde mercamos os nosos bastóns de sendeirismo (para nós foron básicos durante tódalas etapas).

Ao día seguinte, ben cedo, rodeados de néboa e frío comezamos a camiñar polas rúas empedradas de Tui, unha vila impregnada do Camiño, onde ata no exterior das escolas había mensaxes de ánimo para os peregrinos.

Pouco a pouco deixamos as vivendas atrás, o verde comezou a rodearnos e a calor converteuse na nosa compañeira para toda a etapa.


Para evitar pasar polo polígono industrial de O Porriño, por onde tradicionalmente pasaba o Camiño Portugués, collemos o itinerario alternativo polo espazo natural de As Gándaras.

Entre árbores e pedras comezamos a coñecer xente de diferentes partes de España e do mundo. Para a maioría deles tamén era a súa primeira etapa. Notábase na enerxía e no entusiasmo.

Chegamos a O Porriño, onde moitos xa remataban etapa, pero nós continuábamos ata Redondela. En realidade, íamos facer dúas etapas xuntas, polo que seguimos camiñando. A calor, o sol e o fatiga eran cada vez maiores. Ademais, decidimos non facer unha comida grande ao mediodía, o que resultou ser un erro. A iso das catro da tarde xa non podíamos máis, e aínda nos quedaban bastantes quilómetros por camiñar para chegar a Redondela!

Decidimos parar nun furancho. Malia ter a cociña xa pechada, portáronse de marabilla con nós. Ata nos invitaron a callos! Tamén se portaron moi ben unhas mulleres que se atopaban facendo a sobremesa. As burbullas apareceran nos nosos pés e elas, preocupadas, déronnos todas as tiritas que tiñan nos bolsos. Ao final, utilizamos as nosas, as súas, e a pouco máis esgotamos as existencias de todas as farmacias de Galicia.

Tras o descanso, subindo e baixando cousas e con un pouco de drama (máis por parte de Lena que de José Luis), chegamos a Redondela. Primeira etapa superada!





REDONDELA - PONTEVEDRA

18.2 KM

Esperamos con maniotas pero con moitas ganas de chegar a Pontevedra. Na primeira parte da etapa pasamos por Arcade e Pontesampaio, onde non puidemos deixar de facer fotos na súa famosa ponte e nos seus hórreos. Nesa parroquia pontevedresa tivo lugar a Batalla de Pontesampaio, decisiva na Guerra de Independencia Española contra os franceses.

Tras deixar Pontesampaio atrás, os protagonistas foron os bosques e as árbores. Unha segunda metade de etapa verde, con bastante desnivel e que rematou na fermosa Pontevedra, "boa vila, da de beber a quen pasa".

Como consello, temos que dicir que os últimos tres quilómetros da etapa fixémoslos por un sendeiro alternativo (recoñecido oficialmente). Desta maneira, en vez de camiñar a pleno sol pola estrada nacional, camiñamos pola Senda Fluvial do Río Gafos. Encantounos!

En Pontevedra Lena tivo que cambiar de calzado. A súa irmá tróuxolle unhas deportivas vellas de casa, que resultaron ser máis cómodas que as botas de montaña. Así que aquí tedes outro consello. Sempre levar dúas opcións de calzado.




PONTEVEDRA - CALDAS DE REIS

22.9 KM

Sen dúbida a etapa máis bonita. Estivemos rodeados de natureza case dende o primeiro momento. Ademais, camiñamos moito tempo os dous solos e aproveitamos para poñer música. Entre cancións do grupo Carapaus, risas, e incluso algún baile, chegamos moi rápido a Caldas de Reis. Nesa etapa fixemos o mellor ritmo de todo o Camiño! Parecía mentira despois do fatiga dos días anteriores.

Chegando a Caldas de Reis atópase o Parque da Natureza do Río Barosa. Como nós xa o coñecemos de outras veces non paramos, pero recomendámolo moito. Se queredes facer un descanso rodeados de auga, pedra e tranquilidade ese é o lugar. Iso si, avisamos que no verán está cheo de xuventude e familias!

O que tamén recomendamos se facedes esta variante do Camiño é que vos mimesdes un pouco, como fixemos nós, que ao chegar a Caldas de Reis demos unha masaxe no famoso Balneario Acuña. Perfecto para coller forzas para as últimas etapas!



CALDAS DE REIS - A PICARAÑA

33 KM

Penúltima etapa. Santiago estaba cada vez máis preto! E nós cada vez máis emocionados.

A cor verde volveu a ser a protagonista nesta etapa. Moita tranquilidade e desconexión... ata que chegamos a Padrón! Este Concello celebraba a súa festa máis importante, a Pascua, recoñecida como de Interese Turístico en Galicia. Polbeiras, música, feira, atraccións para os máis pequenos e moito ambiente. Iso si que é unha festa! Encantounos poder vivir a Pascua, aínda que soamente parásemos en Padrón para xantar.

Despois de recuperar forzas, seguimos o noso camiño ata A Picaraña, pasando por Iria Flavia e A Escravidude. A nosa idea era durmir o máis preto posible de Santiago, para ao día seguinte, luns de Pascua, chegar ao noso destino. Estábamos a só 16 km!



A PICARAÑA - SANZAGO DE COMPOSTELA

16 KM

Último día de Camiño. Xa nos podíamos visualizar chegando á Catedral de Santiago. Para lembrarnos que estábamos en Galicia, a choiva apareceu. Xa nos estrañaba a nós tanto sol e bo tempo. Tamén tiñamos ganas de choiva!

Co avance dos quilómetros, esta foi desaparecendo, e finalmente chegamos a Santiago, con sol! Subimos pola Avenida Rosalía de Castro, para despois camiñar pola famosa Rúa do Franco. Cantas veces temos pasado por alí e que diferente era esta vez!

Lena non podía parar de chorar e os dous, xuntos da man, entramos na Praza do Obradoiro. Unha das emocións máis bonitas das nosas vidas. O esforzo, a fatiga, as burbullas nos pes, as dores musculares... quedaban atrás. Xa estábamos en Santiago!

Como os típicos peregrinos, fomos a sacar unha foto ao KM0. Ou iso pensaba Lena, ata que José Luis decidiu que era o momento de sacar o anel de compromiso que levara agochado todo o Camiño!

Un camiño rematara, pero outro máis importante acababa de comezar!

Entre choros, risas e nervios recollemos a nosa "Compostela", ou Certificado de Distancia, para a continuación entrar na Catedral de Santiago e, case sen tempo para redescubrir Santiago como peregrinos, marchamos ao aeroporto. Era tempo de volver. As nosas mochilas seguían cargadas de roupa, pero en vez de nervios, agora había calma, morriña e a emoción de ter vivido algo diferente.

A tódolos que vos animedes a facelo, bo camiño!



deica!
CRAFTSMAN

Na portada: Deica! Creacions

“O Outro Camiño” por Iria Ribadomar

Xa sexa en lenzos, láminas, carteis, complementos de xoiería como en roupa e bandeiras ou en libros, a ilustradora Iria Ribadomar representa a través da súa cada vez máis coñecida marca Deica! Creacions unha grande parte da identidade da Galiza.

Iria, nacida en Cambados, tivo sempre preto dela moitos materiais de debuxo e pintura que utilizou para deixar voar a súa imaxinación e creatividade. Formouse en Proxectos de Dirección de Obras de Decoración no 2007 e en Arquitectura Efímera no 2011. No ano 2009, mentres traballaba como deseñadora de interiores, concedéronlle o permiso de actividades artísticas na rúa do Concello de Compostela e estivo durante 10 anos pintando, debuxando e expoñendo as súas obras na rúas da zona vella da cidade.

Coas súas creacions, a artista reivindica a riqueza do noso e utiliza o arte como ferramenta de transformación social tratando temas como identidade, xénero estereotipos ou a soberanía do pobo.

Iria conta con moitos seguidores en redes sociais como Facebook, Instagram ou Twitch onde retransmite en directo e todos os seus seguidores agardamos expectantes as súas novas coleccións, os carteis do 8M e outros deseños para ocasións especiais como as Festas da Ascensión.

Estamos moi agradecidos por ter como portada unha das súas obras feita expresamente para Agarimos. Grazas, Iria por ilustrar a todo o mundo coas tradicións do noso pobo e loitar porque se valoren. Tamén por promover a visibilización das realidades da nosa sociedade e por colaborar con nós!

🌐 <https://www.deicacreacions.com>

📷 @deica_creacions

🏠 Jose Luís Lago



Xacobeo 21-22

PARTICIPAMOS EN UNO DE LOS EVENTOS MÁS IMPORTANTES DEL AÑO

El Xacobeo, también conocido como Año Jacobeo, Año Santo o Año Jubilar, es una de las festividades más reconocidas y míticas de Galicia, ya que **solo se celebra cuando la festividad del Apóstol Santiago del 25 de julio cae en domingo**. Esta coincidencia ocurre en un intervalo de años distinto, cada 5 o 6 años, y a veces, deberás esperar hasta 11 años para poder vivir el Año Santo. El último se había producido en el año 2010 y no se volvió a dar hasta el año 2021, en el que tuvo que ser pospuesto debido a la pandemia de la Covid-19.

De manera conjunta, Xuntanza de Catalunya (compuesta por las entidades de la casa Galega de l'Hospitalet, Rosalia de Castro de Cornellà y, por supuesto, la Agrupación Cultural Galega Agarimos de Badalona) asistió a este gran acontecimiento los días 8 y 9 de julio. A continuación, intentaré resumir como buena mente pueda lo más relevante de este viaje.

El día 7 de julio por la tarde-noche en dos autocares, uno con los integrantes de Badalona y Santa Coloma y otro con los integrantes de Cornellà y Hospitalet, salimos desde Barcelona con la intención de llegar el viernes 8 de julio por la mañana al Monte do Gozo, lugar que la Xunta de Galicia había asignado para alojarse durante esos días a todas las bandas que fueran a participar en esta gran fiesta.



El día 8 sobre las 10 de la mañana llegamos, solicitamos nuestras respectivas acreditaciones y dejamos nuestro equipaje e instrumentos en las habitaciones que nos habían asignado. Posteriormente, ensayamos hasta la hora de comer, comimos y descansamos un par de horas. A las 17:00 en el planning realizado por

la Xunta había una **caminata conjunta** de todos los grupos, **desde el Monte do Gozo hasta la catedral de Santiago**, ruta de unos 4,5 Km que nos llevó unas dos horas bajo el sol abrasador.

Una vez allí, practicamos el desfile que tendríamos que realizar al día siguiente y ensayamos las posiciones que ocuparíamos. Una vez establecido todo, realizamos una foto conjunta de todos los grupos desde una perspectiva cenital, pero la que todos y todas queremos ver es la de nuestra gran agrupación, aquí la tenéis:



Después de eso volvimos al Monte do gozo, cenamos e hicimos una foliada entre varios integrantes de nuestro grupo y otros, siendo así participes del trato acogedor que nos dispensamos unos a otros, lo que es en realidad el objetivo de este tipo de acontecimientos: estrechar vínculos y conocer gente que se mueve por la pasión por nuestra gran cultura.

Llegó el gran día: sábado 9 de julio. A las 6:30 nos levantamos con la intención de desayunar, ponernos nuestros trajes de gala y partir hacia la catedral en el autocar.

A las 10:00 comenzamos a tocar junto al resto de grupos el pasodoble de Mallou, junto a otras canciones que tocamos de forma individual. Después, comenzamos a desfilamos por plazas, callejuelas y calles principales imbuendo de música y magia las calles de la gran ciudad de Santiago, hasta llegar a una gran plaza donde presenciamos con atención una misa al aire libre hasta las 12:30, hora a la que fuimos desfilando hacia el lugar donde comeríamos junto al resto de grupos. Una vez allí, nos sirvieron abundantes tapas de pulpo, lacón y cabrito y tarta de Santiago. Por supuesto, no todo a la vez.

Una vez acabada la comida, procedimos a afinar gaitas y ensayar, ya que a las 17:00 reanudábamos el pasacalles. Y así lo hicimos: volvimos a llenar de

música y jolgorio las calles de la ciudad, con la gente mostrándose muy amable y agradecida, ofreciéndonos comida y bebida en diferentes locales y establecimientos. Esto es en mi más humilde opinión el verdadero sentido de esta clase de viajes.



Una vez finalizado el pasacalles, nos juntamos todos los grupos para hacer la presentación de cada uno de nosotros y finalmente comenzar los conciertos de la noche del último día, finalizando así el Xacobeo.

Durante la noche asistimos a los conciertos, reímos, bailamos y celebramos, dando así nuestro particular cierre a la fiesta.

Al día siguiente a las 7:00 salimos de allí y finalmente llegamos a nuestro otro hogar, Barcelona, a

las 10 de la noche. Después de unos días plagados de emoción, diversión, amor por nuestra tierra y cultura y, sobre todo, pasión. Aquí me despido y espero que les haya gustado, hasta pronto!



LETRAS GALEGAS 2022

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN



Florencio Delgado Gurriarán nace en Córgomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903, no seo dunha familia acomodada. Sexto dos fillos do matrimonio, foi poeta, editor, corrector e tradutor, escribiu artigos de prensa e traballos de léxico. Foi tamén un extraordinario activista político e cultural, un dos principais intermediarios entre a Galicia exiliada en México e a Galicia interior e ponte de unión coa intelectualidade doutras orixes.

Os seus primeiros anos transcorren na casa familiar da aldea, na bocarribeira do Sil; unha paisaxe de terras de labor consagradas desde antigo ao cultivo das videiras, que vai ter unha presenza constante nos seus versos.

Aos seis anos marcha a Ourense e aos 10 a Palencia, onde estuda o bacharelato; son traslados forzosos, motivados polo traballo do seu pai, enxeñeiro agrónomo. En Valladolid cursa a carreira de Dereito. Daquela coñece o xornal *A Nosa Terra* e descobre que non é “un Robinsón do galeguismo”. Anteriormente lera a Rosalía, Curros e Cabanillas na biblioteca da casa corgomesa, lecturas que espertarían a súa vocación poética.

En 1928, cando o seu pai se asenta na Coruña, el retorna a Valdeorras e prepara as oposicións para rexistrador. Traballa nun bufete do Barco de Valdeorras, organiza festas e promove actividades culturais.

Nesa época comeza a publicar os primeiros versos en xornais e revistas como *Heraldo de Galicia* e *A Nosa Terra*. En 1934 sae do prelo o seu primeiro poemario, *Bebedeira*, unha obra de exaltación da terra natal próxima ao hilozoísmo de Amado Carballo, moi ben acolida pola crítica.



O seu compromiso con Galicia fai que se achegue aos labores en prol da lingua como membro das Irmandades da Fala, sexa socio protector do Seminario de Estudos Galegos e en 1933 ingrese no Partido Galeguista. Neste tempo relaciónase con Castelao, Alexandre Bóveda e Otero Pedrayo e con eles participa na campaña a prol do Estatuto de autonomía.

En 1936, co comezo da Guerra Civil, ten que marchar a Portugal e desde alí a Francia. Dous anos despois trasládase á Barcelona republicana; noméano secretario de propaganda do Partido Galeguista, publica poesía de combate e xestiona a saída de guerrilleiros por Portugal. En 1939, xa desde Francia, organiza a evacuación dos refuxiados a América e parte no buque *Ipanema* canda 997 exiliados máis, con destino a Veracruz.

En México participa activamente na vida cultural dos galegos emigrados e funda, con Illa Couto e Carlos Velo, a revista *Saudade*. En 1943, colabora no libro *Cancioneiro da loita galega* cunha serie de poemas asinados co pseudónimo de Nadel. Participa tamén na obra *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*



(1949) con traducións do francés de Rimbaud, Mallarmé, Valéri e outros.

Nos anos cincuenta foi o promotor de iniciativas como o Padroado da Cultura Galega en México (creado en 1953) e editou, con Carlos Velo e Luis Soto, Vieiros, a revista máis importante do exilio galego. En 1963, publica o libro *Galicia Infinda*, no que inclúe unha serie de poemas con temática mexicana.

En 1968, despois de 32 anos, volve a Valdeorras. Regresa outra vez en 1976, con Celia, a súa muller, e, xa por último, en 1981. Desta vez, toma posesión como Membro de Mérito do Instituto de Estudos Valdeorreses e é recoñecido como membro correspondente da Real Academia Galega. Tamén neste mesmo ano aparece *Cantarenas*, que recolle poemas xa editados en *Bebedeira e Galicia infinda* a canda outros de recente creación dedicados ao viño. En 1986, publica *O soño do guieiro*, un libro en homenaxe a Castelao no que destacan os seus poemas de loita e compromiso.

O día 14 de maio de 1987, aos 84 anos, morre en Fair Oaks (California) na casa dunha das súas fillas. As súas cinzas repousan no cemiterio de Córghomo, á vista da súa amada Valdeorras, a onde sempre quixo volver.

En 2021, a Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras Galegas 2022. A través da súa figura tamén se homenaxea, por primeira vez, a Galicia do exilio republicano en México. ■



REAL ACADEMIA GALEGA

XXV Aniversario ACG Agarimos

Como cada año, durante el tercer fin de semana del mes de mayo, celebramos el aniversario de nuestra agrupación. En esta ocasión había aún más motivo de celebración ya que cumplimos 25 años como entidad. En consecuencia, desde la entidad se organizaron conciertos, talleres de bailes y todo tipo de actuaciones para animar la Plaza Trafalgar los días 21 y 22 de mayo.



La fiesta dio comienzo con una pequeña rúa que salió del local de la entidad y acabó en la Plaza Trafalgar, con el objetivo de atraer al público y arrancar con la fiesta. Además de contar con el son de las gaitas de Agarimos, tuvimos el placer de seguir el ritmo de la batucada "Los Chipirones", que calentaron el ambiente con su música.

Seguido de la rúa, haciendo oficial la inauguración de la fiesta, el gran Anxo Baranga hizo la lectura del pregón. Pintor, director y actor de teatro gallego, un magnífico representante de la cultura que promovemos desde Agarimos.

Pese a que gran parte de la actividad de nuestra entidad se centra en la promoción y enseñanza de la música tradicional gallega, nos esforzamos también en que la cultura gallega llegue de otras formas a nuestros entornos. Muestra de ello fue la primera actividad, concurso preparado por los alumnos del Aula de Idiomas de la Comunal de Sants sobre cultura general de Galicia.

Al finalizar el concurso dimos paso a las actuaciones musicales, arrancando con la participación de las agrupaciones gallegas Rosalía de Castro de Cornellà y Airiños da Nosa Galicia de Santa Coloma de Gramanet. Antes de sus actuaciones, abrió la tarde nuestra entidad con la actuación de la banda de gaitas, el grupo de canto y la charanga "A Txaringa".

La música ya se iba a quedar con el protagonismo durante el resto del día. A continuación de las agrupaciones gallegas, dimos paso a un Obradoiro de danza a cargo de Gustavo Couto. Al igual que Anxo, Gustavo es un gran representante de la cultura gallega impartiendo clases de baile, dirigiendo grupos de danza y con tantos otros proyectos musicales en los que está implicado. El taller de danza tuvo un gran recibimiento por parte del público, animando incluso a los más pequeños del lugar. Puntos, picados, paseillos... No faltó de nada.

El día avanzaba de muy buena gana, pero la noche ya hizo acto de presencia al finalizar el Obradoiro de danza. Eso sí, la noche no enfrió el ambiente en absoluto. Iniciando las actuaciones de la noche, contamos con la participación del Grupo Jaque. Un grupo joven con mucha energía y un gran repertorio musical que incluyó todo tipo de estilos.



Al acabar la actuación del Grupo Jaque, dio el paso el grupo principal de la noche, el grupo Carapaus. El proyecto originario de Santiago de Compostela arrancó en 2010. Desde entonces no han parado de alegrar a Galicia y al mundo con su trabajo, con álbumes como "Déixao andar..." y "Conservas de Música Tradicional". Además de a Galicia y al mundo, también nos alegraron a nosotros la noche con un gran concierto.



A la mañana siguiente, con las mismas energías y ganas de animar la Plaza Trafalgar, arrancamos con las actuaciones de la Casa Galega de l'Hospitalet y la Irmandade Galega de Rubí, dando por acabada la participación de las entidades gallegas locales. Para ir rematando la fiesta, la banda de gaitas de Agarimos volvimos a animar el escenario por última vez en ese fin de semana.



